

**BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DAS EDM BARREIROS
CURSO 2021-2022.**

1.OBXECTO.

Convocatoria pública pola que se ofertan as prazas para as Escolas Deportivas Municipais (EDM) para o curso 2021-2022 que terán unha duración de outubro 2021 ao xuño 2022, se a situación sanitaria da COVID-19 o permite.

As publicacións relativas a este proceso faranse públicas na páxina web do Concello <https://www.concellodebarreiros.gal>. Poderase obter máis información no teléfono de información 982124002.

2.PERSOAS DESTINATARIAS.

Poderán inscribirse nas EDM Barreiros 2021/2022 as persoas que polo menos teñan cumprido os 4 anos a decembro do 2021. Cada persoa deberá solicitar a ou as prazas que desexe nas actividades ofertadas en función da súa idade.

Terase que facer unha declaración responsable de condicións de saúde e participación(anexo V) por parte da persoa inscrita, ou no seu caso, pola persoa que ostente a garda e custodia ou a tutela do menor, de que non se padece ningunha enfermidade que a incapacite para a práctica da actividade deportiva á que se inscriba. De incorrer en falsidade, a persoa será dada de baixa de oficio sen dereito á devolución das taxas aboadas.

As persoas que presenten algunha disfuncionalidade deberán indicar na declaración responsable o tipo e grado de discapacidade, e se a persoa é dependente ou non. No caso de ser persoa dependente deberán indicar tamén calquera adaptación ou seguimento que precisen, co fin de cumprir cos principios de normalización e inclusión.

3.PRAZAS OFERTADAS.

Ofertaranse prazas para todas as idades a partir de 4 anos. A praza obtida por este procedemento dará dereito a comezar as actividades, sempre que a persoa sexa admitida na actividade deportiva e teña previamente formalizada a inscrición.

A EDM reagrupanse en: EDM para menores e EDM para adultos, e atendendo á idade á que vai dirixida cada unha escola a oferta de prazas en cada actividade varia:

- A. EDM para menores: de 4 a 15 anos. (Anexo I)
- B. EDM para adultos: 16 ou máis anos. (Anexo II)

Nos anexos respectivos indícanse a oferta de cada EDM (código da escola, a actividade deportiva, o número de prazas ofertadas, as idades ás que van dirixida, a frecuencia semanal de cada actividade e as instalacións onde se desenvolven), o horario das actividades e a organización de cada unha das actividades.

4. CALENDARIO .

As EDM BARREIROS darán comezo o 18 de outubro do 2021 e rematarán o venres 24 de xuño a EDMBarreiros Menores e o xoves 30 xuño a EDM Barreiros Adultos.

As actividades das EDM Barreiros Menores desenvolveranse en días lectivos suspendéndose nos períodos de vacacións escolares: Nadal (do 22 de decembro ata o 7 de xaneiro), Entroido (do 28 febreiro ao 2 marzo) e Semana Santa (do 11 ao 18 de abril, ambos inclusive); e nos festivos declarados polas autoridades competentes. As de adultos tampouco se impartirán en días festivos.

5. CRITERIOS DE SELECCIÓN.

1. As prazas ofertadas en cada escola e/ou grupo asignaranse correlativamente por orde de rexistro de entrada entre as persoas inscritas en tempo e forma, aplicando a prioridade ás persoas censada no Concello de Barreiros a día 1 de setembro do 2021. Tamen terán preferencia aqueles nenos/as que, sin estar empadroados, sí asistan a algun dos colexios de Barreiros. Dentro das posibilidades de cada actividade darase preferencia a aquelas persoas que non estean xa apuntadas noutra actividade, para que se podan beneficiar o maior numero de persoas posible.
2. Cando nunha escola exista listaxe de reserva, poderase dar de baixa a calquera persoa inscrita que presente, no mes anterior, unha ausencia á actividade igual ao 10% do horario lectivo mensual da escola, sin xustificación.
3. Se nunha escola non existira listaxe de agarda as persoas que o desexen poderán optar as prazas que puidesen quedar libres.

6. INSCRICIÓN.

O prazo para as solicitudes de inscrición será de 10 días hábiles dende a publicación das bases no taboleiro de anuncios do concello e unicamente se poderá facer a través da sede electrónica do Concello de Barreiros ou na oficina de rexistro municipal, de luns a venres en horario de 9:30h. a 14:30 h, mediante un formulario publicado ao efecto para cada EDM (Anexo III e Anexo IV).

So se poderá presentar un formulario de inscrición **por persoa, de solicitar praza para varios menores realizarase unha inscrición por cada menor.** No formulario terase que elixir as actividades deportivas nas que a persoa estea interesa en adquirir unha das súas prazas ofertadas, indicaranse as escolas cos códigos que se establecen no Anexos I e II.

Cando se trate dun menor de idade, os pais, nais ou o titor/ra legais, cubrirá o formulario cos seus datos persoais, así como cos do menor. Nas publicacións do procedemento desta convocatoria, o DNI que se fará público será o do pai, nai ou titor/ra legal.

7. LISTAXE PROVISIONAIS DE PERSOAS ADMITIDAS.

Finalizado o prazo de inscrición publicarase na web do Concello, as listaxes definitivas coas persoas admitidas en cada actividade deportiva, unha vez aplicados os criterios de selección.

8. FORMALIZACIÓN DA INSCRICIÓN

As persoas admitidas deberán formalizar a súa inscrición achegando a documentación requirida no prazo de cinco días hábiles.

9.TAXAS

EDM Barreiros ADULTOS:

Unha clase á semana: 15 €/ mes

Por cada clase a maiores semanal: 10 € máis ao mes.

EDM Barreiros MENORES:

- ESCOLA MULTIDEPORTE: 25 €/ mes
- ESCOLA DE FUTBOL SALA: 25 €/mes
- NATACIÓN ESCOLAR: 15 €/mes sen transporte ou 25 €/mes con transporte (requírense 10 persoas como mínimo para ofertar o servizo de transporte)
- SURF: 30€/mes por unha clase á semana ou 45€/mes por dúas clases á semana.

Na EDM Barreiros MENORES aplicarase un desconto do 20% por cada irmá/irmán inscrita/o na mesma actividade deportiva, contando a estes efectos como unha actividade a Escola multideporte e a Escola de Fútbol Sala.

Coa formalización da inscrición facilitaranse os datos bancarios para emitir os recibos mensuais do custo das actividades.

Anexo I

OFERTA DAS EDM BARREIROS MENORES

CÓDIGO	ACTIVIDADE DEPORTIVA	PAZAS	IDADES	FRECUENCIA	INSTALACIÓNS
EDMM_EM	Escola Multideporte	15 por grupo	De 4 a 12	2 días á semana	Pavillón Polideportivo de San Cosme Pavillón do CEIP de San Miguel de Reinante
EDMM_NAT	Natación Escolar	18 por trimestre	De 4 a 12	1 día á semana	Piscina Municipal de Ribadeo
EDMM_FS	Fútbol Sala Base	15 por grupo.	De 8 a 15	2 días á semana	Pavillón Polideportivo de San Cosme
EDMM_S	Surf	14 por grupo	Mínimo 8	2 días á semana	Praia de Coto (Barreiros)

HORARIO EDM BARREIROS MENORES

	LUNS	MARTES	MERCORES	XOVES	VENRES	
16:15						Transporte NATACIÓNS ESCOLAR
16:30		EM		EM		NATACIÓNS ESCOLAR (Piscina Municipal de Ribadeo) Chegada 16:35 h. Saída 17:50h
16:45	FS Benxamíns (Pavillón San Cosme)	GRUPO 1 (Pavillón)	FS Benxamíns (Pavillón San Cosme)	GRUPO 3 (Pavillón)	FS Infantís (Pavillón San Cosme)	
17:00		GRUPO 3 (CEIP San Miguel)		GRUPO 1 (CEIP San Miguel)		
17:15		SURF (Praia de Coto)		SURF (Praia de Coto)		
17:30						
17:45		EM		EM		Transporte NATACIÓNS ESCOLAR
18:00	FS Alevíns (Pavillón San Cosme)	GRUPO 2 (Pavillón)	FS - Alevíns (Pavillón San Cosme)	GRUPO 4 (Pavillón)	FS Cadetes (Pavillón San Cosme)	
18:15		GRUPO 4 (CEIP San Miguel)		GRUPO 2 (CEIP San Miguel)		
18:30						
18:45						
19:00						
19:15	FS Infantís (Pavillón San Cosme)		FS Cadetes (Pavillón San Cosme)			
19:30						
19:45						
20:00						

ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES OFERTADAS

EDMM_EM: ESCOLA MULTIDEPORTE

Crianzas de 4 a 12 anos

De outubro a xuño

2 días á semana – Martes e Xoves lectivos

Horario: Martes e Xoves lectivos entre as 16:30 h. ata as 18:45h, dependendo do grupo.

Instalacións:

- Pavillón Polideportivo de San Cosme (xogos motores, multixogos e baile infantil)
- Pavillón do CEIP de San Miguel de Reinante (Patinaxe)

Organización dos grupos:

- GRUPO 1: de 4 a 5 anos (nados no 2016-2017) en horario de 16:30h. a 17:30 h.
- GRUPO 2: de 6 a 8 anos (nados no 2015-2013) en horario de 17:45h. a 18:45h.
- GRUPO 3: de 9 a 10 anos (nados no 2012-2011) en horario de 16:30h. a 17:30 h.
- GRUPO 4: de 11 a 12 anos (nados no 2010- 2009) en horario de 17:45h. a 18:45h.

Descrición:

A Escola Multideporte favorece o desenvolvemento psicomotor das crianzas de 4 a 12 anos dende un enfoque multidisciplinar, fomenta un estilo de vida activo e saudable e pretende romper con estereotipos sexistas na práctica. A súa programación ofrece ás crianzas a oportunidade de vivenciar diferentes situacións motrices a través de múltiples e variadas actividades deportivas, entre elas:

- **Xogos motores:** desenvolveranse xogos motrices diversos que poñen en marcha a estimulación da capacidade perceptiva motriz dos nenos/as cunha finalidade lúdica e pracenteira para eles/elas. (ofertada no grupo de crianzas de 4 a 5 anos).
- **Multixogos:** desenvolveranse actividades e xogos orientados á iniciación do atletismo, baloncesto e bádminton, coa posibilidade de participar de forma voluntaria en algunha competición deportivas escolar que a organización contemple chegado o momento e sempre e cando as condicións sociosanitarias o permitan. (ofertada nos grupos de crianzas de 6 a 12 anos)
- **Patinaxe:** Esta actividade ten como finalidade fomentar o desenvolvemento das habilidades motrices básicas de deslizamento a través do emprego de patíns, enfocada ó dominio dun patinaxe recreativo. Pecharemos o curso cunha Gala de exhibición das habilidades aprendidas, sempre e cando as condicións sociosanitarias o permitan. (ofertada nos grupos de crianzas de 4 a 12 anos). Material que se require traer: patíns e proteccións (codeiras, xeonlleiras, bonequeiras e casco)
- **Baile infantil:** O desenvolvemento das actividades rítmicas con bases musicais como é o baile favorece o control motor dos nenos/as, a capacidade de interacción co medio e co resto das persoas e aporta beneficios cardiovasculares e respiratorios. Pecharemos o curso cunha Gala Coreográfica, sempre e cando as condicións sociosanitarias o permitan. (ofertada nos grupos de crianzas de 4 a 12 anos). Esta actividade desenvolverase só de abril a xuño.

Calendario das actividades por grupos

Grupo	Horario	Outubro-Marzo		Abril-Xuño	
		Martes	Xoves	Martes	Xoves

G1	16:30 a 17:30	Xogos Motores	Prepatinaxe	Baile infantil	Prepatinaxe
G2	17:45 a 18:45	Multixogos	Patinaxe	Baile infantil	Patinaxe
G3	16:30 a 17:30	Patinaxe	Multixogos	Patinaxe	Baile infantil
G4	17:45 a 18:45	Patinaxe	Multixogos	Patinaxe	Baile infantil

EDMM_NAT: CURSO DE NATACIÓN ESCOLAR

Crianzas de 4 a 12 anos

De xaneiro a xuño

Trimestral: 1 clase á semana de 45 minutos.

Horario: Venres lectivos de 16:45h. a 17:30h.

Instalación: Piscina Municipal de Ribadeo, C/ Pintor Fierros, 26.

Servizo de Transporte(San Cosme – Ribadeo - San Cosme): Requírese un mínimo de 10 persoas solicitantes para ofertar o servizo de transporte.

Chegada á piscina ás 16:35 h. – Saída de volta ás 17:50 h.

Punto de recollida e entrega: Parada de autobuses, enfronte da Casa do Concello.

Hora estimada de saída dende San Cosme: 16:15 h.

Hora estimada de chegada a San Cosme: 18:10 h.

Servizo de Acompañamento: Persoal cualificado acompañará aos nenos/as durante o tempo de transporte e o tempo da actividade.

Cursos trimestrais.

■ Curso inverno: xaneiro-marzo

■ Curso primavera: abril-maio

Organización dos grupos por trimestres (máximo 6 persoas/grupo)

■ 1 GRUPO INICIACIÓN: Crianzas que precisan material de flotación para desprazarse na auga.

■ 2 GRUPOS PERFECCIONAMENTO: Crianzas que nadan 25 m. (un largo da piscina) sen material de flotación.

EDMM_FS: ESCOLA DE FUTBOL SALA BASE

Crianzas dende os 8 anos ata os 15 anos.

De outubro a xuño

2 días á semana.

Horario: Luns, mércores e/ou venres, dependendo da categoría.

Instalación: Pavillón Polideportivo de San Cosme

Categorías: Benxamíns (nados no 2013-2012), Alevíns (nados no 2011-2010), Infantís (nados no 2009-2008) ou Cadetes (nados no 2007-2006)

Horarios provisionais por categorías:

Benxamíns: luns e mércores de 16:30 h. a 17:30 h.

Alevíns: luns e mércores de 17:45 h. 18:45 h.

Infantís: luns de 19:00h a 20:00 h. e venres de 16:30h a 17:30 h.

Cadetes: mércores de 19:00h a 20:00h e venres de 17:45 a 18:45h.

**No caso de non crearse grupo nalgunha categoría o horario desta poderá ser ocupado por un desdobre de grupo doutra categoría demanda.*

EDMM_S: ESCOLA DE SURF

Crianzas a partir dos 8 anos inclusive. [Imprescindible saber nadar](#)

De abril a xuño.

2 clases por semana, clases de 1h30min.

Días e horarios previstos: Martes e/ou Mércores de 16:30 h. a 18:00 h.

Grupos: mínimos 5 alumnos/as, máximo 14 alumnos/as.

Espazo natural: Praia de Coto, Barreiros

Anexo II

OFERTA DAS EDM ADULTOS

CÓDIGO	ACTIVIDADE DEPORTIVA	PRAZAS	IDADES	FRECUENCIA	INSTALACIÓNS
EDMA_XM	Ximnasia de Mantemento	16 por grupo	16 ou máis.	2 días á semana	Centro Sociocultural Manuel Díaz Sampedro
EDMA_IS	loga suave	16 por grupo	16 ou máis	1 día á semana	Centro Sociocultural Manuel Díaz Sampedro
EDMA_I	loga	16 por grupo	16 ou máis	1 día á semana	Centro Sociocultural Manuel Díaz Sampedro
EDMA_JP	Jumping	20 por grupo	16 ou máis	1 días á semana	Pavillón Polideportivo de San Cosme
EDMA_ZB	Zumba	20 por grupo	16 ou máis	1 días á semana	Pavillón Polideportivo de San Cosme

HORARIOS DAS ACTIVIDADES

EDM BARREIROS PARA ADULTOS				
Actividade deportiva	Luns	Martes	Mércores	Xoves
Ximnasia de mantemento	17:00 a 18:00		17:00 a 18:00	
loga suave	18:15 a 19:15			
loga			20:30 a 21:30	
Jumping		19:30 a 20:15		
Zumba		20:30 a 21:30		